



## Propostas de Especialistas : Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe

Dende o Departamento de Orientación do CEIP de Barouta propoñemos unha serie de actividades que se poden levar a cabo neste período non lectivo de 15 días.

Ao longo destes días resulta importante establecer unha rutina, xa que, ademais de axudarlles na estruturación do tempo, permítelles pasar a xornada coa sensación de orde e seguridade.

Neste sentido, suxerimos ás familias establecer a rutina ou “horario” que mellor se adapte ás condicións e situación que están a vivir e na que combinen tanto tarefas propias do fogar como as que se propoñen desde o centro educativo.

❖ Unha proposta podería ser a seguinte:

- Erguémonos.
- Adicamos uns minutos a realizar algún exercicio de relaxación/estiramento.  
<https://youtu.be/t8748OWc1nQ>  
<https://youtu.be/zYhzTHw5-7o>
- Preparamos o almorzo e recollemos.
- Reunímonos para falar de como se organizará a xornada, podendo empregar o calendario para escribilas e ó remate do día ver o cumprimento das mesmas.
- Tarefas da escola.
- Tempo de lecer.  
<https://www.facebook.com/iheartcraftythings/videos/2570230609912716/?sfnsn=scwspwa&extid=StYNJyNXf03qb79F&d=w&vh=e>
- Preparamos o xantar e recollemos.
- Tempo de lectura.

- Tarefas da escola.
- Tempo de lecer.

<https://youtu.be/t9fRa8juDwY>

- Preparamos a cena e recollemos.



¡OLLO! Colaborar nas tarefas da casa: poñer a mesa, barrer, poñer a lavadora, tender e dobrar a roupa, ordenar o cuarto... compartir as responsabilidades propias do fogar **axuda** a desenvolver a autonomía e, ademais, fainos sentir ben!



❖ Como propostas para o tempo de lecer propoñemos as seguintes:

- Ler en diferentes soportes (Libros, contos, periódico, revistas, ordenador, tablet...) durante tantos minutos como a idade que teñan (aproximadamente) e contar ó adulto sobre que estiveran a ler. O adulto ademais pode realizar preguntas sobre a lectura realizada.
- Lectura de contos seguindo as seguintes estratexias:
  - Reparamos na portada, título, debuxo... tratando de anticipar o seu contido... de que tratará? Por que se titulará así?



- Comezamos a ler, deténdonos cando non entendemos algo. Se non entendemos unha palabra, intentamos adiviñar o seu significado pola frase na que se atopa e senon buscámola no dicionario.
- Fixámonos en como estamos lendo, intentando ler con entoación, facendo unha pausa breve nas comas, paramos nos puntos, lemos exclamando cando aparecen os **!**, e lemos como unha pregunta cando aparecen os **¿?**.

Non se trata de ler rápido, senon de ler ben para comprender o que se lee.

- Ímonos facendo preguntas do que imos lendo. Onde ocorre?, A quen? Que personaxes apareceron ata agora?, Que ocorre?, Que penso que vai ocorrer ó final?
  - Cando rematemos de ler podemos facer un pequeno resumo oral ou escrito do conto, tamén inventar outro final ou incluso realizar un debuxo.
- Lee o adulto en voz alta e o/a neno/a conta coas súas propias palabras o que estiveron lendo.
  - Despois de ver debuxos poden contar o que pasou nese capítulo. Lembra escoitalo/a e establecer un diálogo con preguntas así como respostando as súas preguntas. É primordial manter quendas de palabras para acadar un bo entendemento así como unha conversa axeitada.  
<https://youtu.be/a2ulvVcMBdk>
  - No calendario podemos escribir cousas que imos facer e a medida que estén realizadas marcámolas ou tachamolas.
  - Escribimos a nota da compra, un Whastapp para enviar a algún familiar ou amigo/a, unha nota para cando chegue alguén de traballar, unha carta para

algún amigo/a ou familiar. Ou mesmamente mensaxes positivos sobre o que nos gusta ou aporta a familia.

- Ler as cantidades nun ticket da compra, facer a suma para ver si está ben. Os maiores poden facer tamén a resta tendo en conta con canto pagaron e os mais pequenos saber si lle chegou con 20, 30, 50 Euros.
- Facer unha compra imaxinaria cun folleto de supermercado e saber canto gastan. Facer lista escrita recortar, pegar, sumar cantidades...

❖ Outras actividades:

- Realizar experimentos sinxelos:
  - Escribir con leite nunha folla e despois pasarlle lume por debaixo para leelo.
  - Meter nun bote un ovo con vinagre e esperar varios días para o final ter un ovo saltarín...

<https://youtu.be/Rs-kYAdv6PQ>

<https://youtu.be/d72t-hgb3j0>

O rematar podemos escribir o sucedido nos experimentos.

- Realizar crebacabezas de todos os tipos: de madeira, con pivotes, en 3D, de cartón, etc.  
Os crebacabezas axudan a desenvolver a orientación espacial, a percepción visual, a concentración, o razoamento, a psicomotricidade fina... e ademais poden facerse de forma individual.
- Facer debuxos seguindo instrucións.  
Exemplo: 1. Debuxa unha casa co tellado verde. 2. A dereita unha árbore. 3. Un camiño que vaia dende a casa a unha cidade...  
As instrucións poden ser orais ou escritas.  
<https://youtu.be/pXm2rLqQ8KQ>

- Ante un debuxo libre que queiran realizar poden pensar en qué van debuxar e como o van organizar no papel. Ó final poden valorar se o debuxo se aproxima ó que tiñan en mente.
- Colorea: intentando non saírse! Se podes, emprega diferentes materiais para colorear e debuxar. Tamén podes explorar técnicas: soprado (colocando a pintura no papel e soprando cunha palla) ou estampación (usando unha pataca e cubrila de pintura para logo estampala no papel).



Técnica de soprado



Técnica de estampación

- Xogos que favorecen o desenvolvemento da motricidade fina e a coordinación óculo-manual: Jenga, Micado, encaixables, LEGO...
- Xogos para mellorar a atención e a concentración e que, ademáis, permiten mellorar a competencia matemática e a lingüística!: pasatempos como as sopas de letras, sudokus, encrucillados, dominó, bingo, xogos de cartas como a escoba, UNO, sota-cabalo-rei, arriba-España!, palabras encadeadas,




realizar figuras e formas no Tangram (se non tes Tangram, existen Apps para móvil ou Tablet)...

- Este pode ser un bo momento para ensinarlle ou recordarlle como se xoga ó “vexo-vexo”, xogar as adiviñas, as palabras encadeadas.

<https://youtu.be/9CRau08FGsw>

- ¡E porque non!, realizar un recopilatorio de refráns, coplas, ou toda unha serie de cancións que se cantaban noutros tempos según a época do ano e o canto asociado a dito traballo.

<https://youtu.be/JqojzEmgHXc>



E ante tantas opcións, non esquezades descansar un chisco.

Dende o Departamento de Orientación desexámosvos que teñades un tempo ameno en familia, que vos sirva para unirvos se cadra aínda mais e coñecervos mellor. Non vos olvidedes de rir na medida do posible.

